

CONVENIO ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE E A ASOCIACIÓN CULTURAL ÉVAME-OROZA PARA A REALIZACIÓN ACTIVIDADES CULTURAIS

Dunha parte, José Carlos López Campos, na súa condición de conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024, do 14 de abril, no exercicio das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e a súa Presidencia.

Doutra, Javier Romero González, con NIF 36068145M, na súa calidade de presidente da Asociación Cultural Évame-Oroza, con CIF G10971679, actuando en nome e representación da entidade, segundo as facultades que lle outorgan os seus estatutos, tal como figuran nos arquivos desta consellería.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das súas facultades que para convir no nome das entidades que representan teñen conferidas, e,

EXPOÑEN:

Que as dúas entidades son conscientes da necesidade de actuacións de carácter sociocultural que permitan unha adecuada oferta, co obxecto de satisfacer as necesidades en materia cultural.

Que a Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro de ese ámbito competencial, a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude desenvolve unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, para achegar o máximo posible o noso patrimonio cultural á sociedade en xeral.

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación do patrimonio e da cultura galega; mediante a programación de actuacións de recuperación da nosa cultura preténdese acadar



unha maior eficacia na consecución destes obxectivos, por medio do desenvolvemento de actividades culturais e de fomento da cultura en lingua galega.

A Asociación Cultural Évame Oroza ten como fins:

- Custodiar e promover o legado literario do poeta Carlos Oroza, en canto a Patrimonio Cultural.
- A organización dun premio literario anual de poesía en lingua española
- A organización dun premio literario anual de poesía en lingua galega
- A organización dun premio anual a mellor iniciativa musical de apoio a literatura
- A organización de actos culturais de todo tipo, literario ou non literarios.

Para levar a cabo os seus fins, a asociación poderá organizar as seguintes actividades:

- Convocar os certames
- Elixir e nomear os compoñentes dos xurados
- Busca de patrocinio
- Celebrar os actos públicos de entrega dos premios
- Cantas outras actividades sexan precisas para a consecución dos fins da asociación

A asociación Cultural Évame Oroza, creada en Vigo recentemente para manter viva a obra e a figura do poeta Carlos Oroza(1923-2015), organizou para este 2025 unha serie de eventos e actos orientados a facer visible o labor poético e a personalidade dun dos escritores máis inxustamente invisibilizados, pero máis influentes de Galicia. Malia ter empregado o castelán na súa escrita, a súa pegada entre poetas galegas e galegos e artistas de toda índole convérteno nunha das figuras máis destacadas do país. Por este motivo, a convocatoria destes actos é tan importante e o seu peso na



cultura do noso país é fundamental, tratándose, sen dúbida, do mellor poeta oral do século XX.

Tras a boa acollida e o éxito de convocatoria das actividades desenvoltas durante o primeiro ano de funcionamento, a asociación Évame Oroza prepara para o 2025 un programa que axude a consolidar unha oferta de programación cultural que teña como centro a poesía, a arte e a música, sen descoidar outras disciplinas na procura de dous obxectivos: espallar a figura e a poesía de Oroza e lograr unha programación cultural transversal e de balde para o público en xeral. O obxectivo para este ano é, dunha banda, seguir ofertando actividades para ese público que xa se identifica coa asociación e, doutra banda, achegarse a xeracións máis novas e un auditorio máis diverso.

Os proxectos centrais nos que se baseará a programación anual de 2025, e que convivirán con outras actividades son: Premio Internacional de Poesía Carlos Oroza, Producción da gala de entrega Premios Carlos Oroza, actividades do Festival Expandido Máis Alto que o Ceo e actividades no Día da Poesía e no Día das Letras Galegas

Por isto, para acadar unha maior eficacia na execución de actuacións, dado o interese común das partes asinantes, que teñen intereses coincidentes, é polo que asinan este convenio de colaboración, de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto e actuacións

É obxecto deste convenio establecer as condicións polas que se rexerá a colaboración entre a Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude e a Asociación Cultural Évame Oroza para a realización das actividades culturais: Premio Internacional de Poesía Carlos Oroza, Producción da gala de entrega Premios Carlos Oroza, actividades do Festival Expandido Máis Alto que o Ceo e actividades no Día da Poesía e no Día das Letras Galegas.



PREMIO INTERNACIONAL DE POESÍA CARLOS OROZA

Convocatoria:

Tras o éxito de participación da primeira edición do premio de poesía, a Asociación Évame Oroza apoiada pola Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude da Xunta de Galicia, convoca a segunda edición deste certame que consta, de novo, de dúas categorías: unha para os exemplares escritos en lingua galega e outra para os escritos en lingua castelá.

Cada unha das modalidades ten unha dotación de 6.000 € e unha figura do poeta Carlos Oroza realizada en bronce pola artista Cuqui Piñeiro.

Dentro dos Premios Carlos Oroza, cabe destacar tamén a importancia do recoñecemento á Mellor Iniciativa Musical de Divulgación da Poesía. Este premio está dotado cunha figura de Carlos Oroza realizada en bronce por Cuqui Piñeiro.

O prexurado, que funcionará só no caso da modalidade en castelán, estará formado por seis persoas de recoñecida valía na campo da literatura, e serán tanto escritoras ou escritores, como persoal dedicado á docencia ou persoal do sector editorial, librerías, correctoras...etc.

No caso dos xurados en castelán e galego estará cada un deles formado por tres persoas de recoñecida traxectoria literaria, podendo ser autoras ou autores, críticos literarios, editores ou librerías e libeiros. A súa composición darase a coñecer unha vez peche o período de recepción de orixinais.

GALA DE ENTREGA DOS PREMIOS CARLOS OROZA

Durante a gala entregaranse os dous premios de poesía, na modalidade de galego e de castelán.

Tamén se fará entrega do recoñecemento á Mellor Iniciativa Musical de Divulgación da Poesía, consistente nunha figura en bronce do poeta Carlos Oroza realizada pola artista Cuqui Piñeiro e unha obra do pintor Xavier Magalhães



ACTIVIDADE PARA O DÍA DA POESÍA. Título provisional " Equinoccio dos Animais Nocturnos"

Actividade realizada coa colaboración da Asociación O fruto e a Serpe.

Consiste nunha sesión de recital de poesía con unha poeta galega convidada de coñecida traxectoria (nome proposto Antía Otero) que lerá textos propios arredor do tema do Equinoccio.

ACTIVIDADES DÍA DAS LETRAS GALEGAS

- Proxección do documental Dorothè na Vila con coloquio.

- Sesión de regueifa en Évame Oroza: Reguéifame Oroza.

FESTIVAL DE POESÍA E ORALIDADE MÁIS ALTO QUE O CEO

Despois do éxito de público da primeira edición do festival Máis Alto que o Ceo, a asociación volve repetir a experiencia ofrecendo nesta ocasión 5 días de programación.

Nesta ocasión as citas serán tres recitais individuais, un concerto-recital de pequeno formato e unha acción poética a medio camiño entre o recital de poesía e o espectáculo con participación do público.

Sesión : Leo de Matamá.

Sesión 2: María do Cebreiro.

Sesión 3: Helena Salgueiro.

Sesión 4: Kennebec, de Iria Pinheiro e Mónica de Nut.

Sesión 5: Vendo a miña alma. Poxa de poetas.

Orzamento: 30.000 €



GASTOS DE XESTIÓN

Gastos de xestión: salarios, subministracións e servizos externos de comunicación e difusión e gastos externos de produción e organización de actividades	10.000,00 €
TOTAL GASTOS DE XESTION	10.000,00 €

PREMIO INTERNACIONAL DE POESÍA CARLOS OROZA

CONCEPTO	PREXO UNIDADE	IMPORTE
Premios de Poesía Carlos Oroza na modalidade de castelán e galego	6.000,00 € x 2	12.000, 00 €
6 persoas actuando como prexurado para a modalidade de castelán	180,00 € x6	1.080, 00 €
6 persoas actuando como xurado, 3 para cada modalidade (galego e castelán)	200,00 € x6	1.200,00 €
Realización de figuras de bronce para persoas premiadas	791,34,00 €	791,34 €
Produción de gala de entrega Premios Carlos Oroza (presentación, técnico e equipo, dirección filmación)	1.928,66 €	1.928,66 €
IMPORTE TOTAL PREMIOS CARLOS OROZA		17.000,00 €

NOTA AOS ORZAMENTOS DOS PREMIOS CARLOS OROZA. OROZA. Serán asumidos cos fondos propios da asociación os gastos de produción da Gala relativos a



desprazamento, dietas e aloxamento da persoa recoñecida como mellor Iniciativa Musical, e das persoas premiadas no certame de poesía sempre e cando se despracen dende Galicia. Tamén asumirá a asociación o cátering e a presentación do acto, así como outros gastos derivados da mesma como cartelería e decoración da sala ou escenografía. As cantidades aquí reflexadas inclúen impostos.

PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES

CONCEPTO	PREXO UNIDADE	IMPORTE
Actividade para o Día da Poesía.Título provisional "Equinoccio dos Animais Nocturnos".	Caché poeta: 200 €, Coordinación: 200 €	400,00 €
Actividades Letras galegas: proxección do documental Dorothé na Vila con coloquio	Caché representante documental: 120,00 €	120,00 €
Actividade Letras Galegas: "Regueifa en Évame.	150,00 € x 2	300,00 €
Sesión 1 do festival Máis Alto que o Ceo: recital de poesía coa participación de 1 poeta.	250,00 €	250,00 €
Sesión 2 do festival Máis Alto que o Ceo: recital de poesía coa participación de 1 poeta.	250,00 €	250,00 €
Sesión 3 do festival Máis Alto que o Ceo: recital de poesía coa participación de 1 poeta	250,00 €	250,00 €
Sesión 4 do festival Máis Alto que o Ceo: recital-concerto pequeno formato.	1.000,00 €	1.000,00 €



Sesión 5 do festival Máis Alto que o ceo: recital e acción poética con participación do público en homenaxe ao colectivo poetas da Hostia. Espectáculo Vendo a miña alma. Coa participación de 3 poetas +presentadora/coordinadora Caché	Caché poetas: 120 € x 3= 360, 00 € Material para poxa 70,00 €	430,00 €
IMPORTE TOTAL PROGRAMACIÓN ACTIVIDADES		3.000,00 €

NOTA AOS ORZAMENTOS DE PROGRAMACIÓN DE ACTIVIDADES. Todos os importe inclúen impostos. Os gastos complementarios derivados da realización das actividades, tales como gastos de desprazamentos ou outro tipo de gastos varios, serán aportados pola Asociación Évame Oroza.

De acordo co artigo 26 da Lei de Subvencións non é posible promover a concorrência pública para a realización destas actividades, por canto se trata de actividades únicas e de especiais características. Por todo o que representan estas actuacións, é a Asociación Cultural Évame Oroza a que posúe a especificidade como beneficiaria así como a da actuación subvencionada e o interese social da axuda concedida. A Asociación Cultural Évame Oroza, creada en Vigo recentemente para manter viva a obra e a figura do poeta Carlos Oroza(1923-2015), organizou para este 2025 unha serie de eventos e actos orientados a facer visible o labor poético e a personalidade dun dos escritores máis inxustamente invisibilizados, pero máis influentes de Galicia. Malia ter empregado o castelán na súa escrita, a súa pegada entre poetas galegos e galegos e artistas de toda índole convérteno nunha das figuras máis destacadas do país. Por este motivo, a convocatoria destes actos é tan importante e o seu peso na cultura do noso país é fundamental, tratándose, sen dúbida, do mellor poeta oral do século XX.

Así mesmo e de acordo coa planificación estratéxica realizada pola Dirección Xeral de Cultura, para o ano 2025, e dada a especificidade e exclusividade das actividades a



realizar baseadas en criterios obxectivos, a sinatura deste convenio encádrase dentro dos previstos nese plan.

SEGUNDA.- Obrigas da Asociación Cultural Évame Oroza

A Asociación Cultural Évame Oroza comprométese, pola súa parte, a facer constar en toda a publicidade que xeren estas actividades –tanto impresa como audiovisual- a colaboración Xunta de Galicia, para o que utilizará a normativa da imaxe corporativa da Xunta de Galicia. Así mesmo comprométese ao cumprimento das obrigas contidas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e en especial as recollidas no artigo 11 desta norma. Tamén será de aplicación o establecido no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en canto non se opoña á lexislación anterior. Con carácter supletorio, será de aplicación o disposto na Lei 38/2003 xeral de subvencións e no seu regulamento, aprobado polo Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo.

A Asociación deberá dar cumprimento das obrigas de publicidade que se establecen no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.

A Asociación ten a obriga de prestar colaboración e facilitar tanta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma e ao Consello de Contas.

A Asociación deberá presentar certificacións acreditativas do cumprimento das obrigas tributarias, coa Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento débedas coa Administración pública da comunidade autónoma.

A sinatura deste convenio implica, de ser o caso, a autorización á Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude para solicitar as certificacións acreditativas de que se atopa ao corrente das obrigas tributarias estatais e autonómica e da seguridade social, así como que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia, de



acordo co establecido no Regulamento (UE) 2016/679 de protección de datos, na Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, de 9 de decembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e outras normas tributarias, e demais disposicións de aplicación.

De acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, a beneficiaria deberá presentar unha declaración responsable de non estar incurso en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiaria. Esta declaración deberá presentarse antes da sinatura do convenio.

A Asociación comprométese a destinar os fondos percibidos ao obxecto concreto para o que foron concedidos. A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude poderá comprobar, cando o considere pertinente, a execución das actividades obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- Financiamento e compatibilidade

A Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude comprométese a aboar a cantidade de 30.000 €, con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

13.03.432B.481.2(proxecto 2015 00372) : a cantidade de 10.000 €

13.03.432B.781.1 (proxecto 2015 00372): a cantidade de 20.000 €

Esta cantidade, 30.000 €, trátase dun importe certo, quedando por conta da beneficiaria a diferenza de financiamento necesario para a total execución da actividade subvencionada, debendo ser reintegrado o financiamento público unicamente no caso e polo importe que supere o custo total e real da actividade, segundo o establecido no artigo 21.2 do Regulamento de subvencións de Galicia.

Non se entenderá incumplida a obriga de xustificación das actuacións obxecto deste convenio no caso de variacións das contías previstas nas distintas partidas establecidas no orzamento estimado na cláusula primeira, cando obedezan a razóns



xustificadas e as actuacións que se levaran a cabo garden relación directa co obxecto do presente convenio.

Conforme o disposto no artigo 40.1.d) do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea e/ou organismos internacionais.

De conformidade co artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custe da actividade subvencionada. En caso de superar procederá o reintegro do exceso obtido sobre o custo da actividade subvencionada así como a esixencia do xuro de demora correspondente.

CUARTA.- Xustificación dos gastos e pagamento

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e do seu custo deberá levarse a cabo de acordo co previsto nos artigos 28 e seguintes da Lei 9/2007. A data tope de presentación da documentación xustificativa da actividade e, se fora o caso, da xustificación dos gastos que restasen por aboar ata acadar o 100% da contía concedida é o 30 de novembro de 2025.

A documentación requirida na fase xustificativa presentarase electronicamente na Carpeta do cidadán da persoa solicitante/representante, <https://sede.xunta.es/carpeta-do-cidadan>.

A Asociación presentará electronicamente a xustificación da subvención, coa data límite establecida e incluírá a seguinte documentación:

- Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións obxecto deste convenio, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos. Indicar o número de asistentes.



- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas que conterá:
 - ✓ Unha relación clasificada dos gastos e investimentos da actividade, con identificación do acredor, do importe, data de emisión e data de pagamento. Deberá figurar a suma de cada concepto e ao final, o total dos gastos.
 - ✓ As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente incorporados na relación a que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do pagamento.
- Unha relación detallada, se é o caso, doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia. No caso de non ter solicitado e/ou non ter recibido outros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada, deberán de presentar unha declaración responsable neste sentido.
- Os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os abone efectivamente. En ningún caso se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda. Na xustificación deberase indicar si son ou non susceptibles de recuperación.

A presentación desta información é requisito imprescindible para a tramitación do pagamento, devolvendo toda a xustificación que non o cumpra.

En todo o relativo aos gastos subvencionables deberá cumprirse o disposto no artigo 29 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei de contratos do sector público, para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais



características non exista no mercado suficiente número de entidades que as realicen, presten ou subministren ou salvo que o gasto se realizara con anterioridade á solicitude da subvención.

Subcontratación:

Poderán ser obxecto de subcontratación, total ou parcial, as actividades subvencionadas a través deste convenio, tendo en conta o disposto nesta cláusula e de acordo co establecido no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. En todo caso queda fóra da subcontratación aqueles gastos nos que teña que incorrer a entidade para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

De conformidade co previsto na Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, para efectos desta xustificación consideraranse os gastos realizados durante o ano 2025, dende o 1 de xaneiro ata a data tope de xustificación da axuda, que respondan á natureza da actividade subvencionada.

No caso de que a Asociación non xustifique ou a xustificación sexa insuficiente, procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente dende o momento do pagamento de subvencións ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

Cando a actividade fose financiada ademais de con esta subvención con fondos propios ou con outras subvencións ou recursos, deberá acreditarse na xustificación o importe, a procedencia e a aplicación de tales fondos ás actividades subvencionadas.

QUINTA.- Pagamentos anticipados e á conta

No caso da achega con cargo á aplicación 13.03.432B.481.2, 10.000 €, a asociación poderá solicitar pagos anticipados de ata o 80% como máximo, segundo o disposto no artigo 63.1.1 do Regulamento de subvencións de Galicia; neste caso o importe máximo que poderán solicitar será de 8.000 €.



No caso da achega con cargo á aplicación orzamentaria 13.03.432B.781.1, 20.000 €, a asociación poderá solicitar pagos anticipados de ata 10.000 € como máximo, de acordo co disposto no artigo 63.1.2 do Regulamento de subvencións.

No caso de que a asociación solicite pagamentos anticipados deberá presentar unha memoria xustificativa e económica na que se recollan as actuacións que ten previsto realizar co custo das actividades.

A Asociación tamén poderá solicitar pagos a conta, artigo 62 do Regulamento de Subvencións, que responderán ao ritmo de execución das actividades subvencionadas aboándose pola contía equivalente á xustificación presentada.

O artigo 65.1 do Regulamento de subvencións de Galicia establece que os beneficiarios están obrigados á constitución de garantías cando se prevexa a posibilidade de realizar pagamentos á conta ou anticipados; o apartado 4.f) do devandito artigo exonera de constitución de garantía entre outros aos beneficiarios de subvencións con cargo aos créditos orzamentarios correspondentes ao capítulo IV, destinadas a familias e institucións sen fins de lucro; o apartado 4.i) do devandito artigo exonera de constitución de garantía aos beneficiarios das subvencións concedidas cando os pagamentos non superen os 18.000 €.

SEXTA.- Comisión de Seguimento

Créase unha comisión mixta de seguimento para aclarar as dúbidas derivadas da interpretación e execución deste convenio, formada polo director xeral de Cultura, da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, e polo presidente da Asociación Cultural Évame Oroza.

SÉTIMA.- Causas de resolución e modificación do convenio

O incumprimento de calquera das cláusulas deste convenio constituirá causa suficiente para a súa rescisión, e así mesmo procederá o reintegro da subvención cando concorran algunha das causas previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.



As modificacións do convenio adoptaranse por acordo expreso e escrito das partes asinantes, e de acordo cos trámites que esixa a normativa vixente.

Segundo o disposto no artigo 31.4 da Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico:

"Os convenios subscritos pola Administración xeral da Comunidade Autónoma e as entidades instrumentais do sector público autonómico poderán ser obxecto de modificación cando teñan como finalidade o logro dos obxectivos de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

Ditas modificacións terán por obxecto a redución do volume das obrigas ou a ampliación do seu prazo de execución."

OITAVA.- Publicidade e rexistro do convenio

As partes asinantes deberán cumprir coas obrigas derivadas da entrada en vigor da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno. Para tal fin, as partes aceptan que o texto do convenio se publique no Portal de Transparencia e Goberno Aberto da Xunta de Galicia incluíndo os datos identificativos das persoas asinantes.

Así mesmo, a Asociación Cultural Évame Oroza acepta e consente a remisión do convenio, logo da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

De acordo co establecido no artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa, que introduciu diversas modificacións na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o contido deste convenio será publicado na Base de Datos Nacional de Subvencións, nos termos recollidos no artigo 20 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, modificado polo artigo 30 da Lei estatal 15/2014, do 16 de setembro, de racionalización do sector público e outras medidas de reforma administrativa.



Así mesmo, será obxecto de publicidade no Rexistro de Axudas, Subvencións e Convenios, ao abeiro do disposto no decreto 126/2006, do 20 de xullo e no decreto 132/2006, do 27 de xullo.

NOVENA- Protección de datos de carácter persoal e garantía dos dereitos dixitais

As partes asinantes comprométense a cumprir, en todo momento, as disposicións contidas na normativa básica estatal e autonómica que xustifica a lexitimidade do tratamento dos datos persoais e dereitos dixitais.

Na aplicación deste convenio respectaranse cantas esixencias establece o Regulamento UE 679/2016 xeral de protección de datos e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

DÉCIMA.- Administración dixital

As partes asinantes deste convenio respectarán cantas esixencias establece a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia (DOG 26 de xullo de 2019), que será aplicable ao sector público autonómico, integrado, de acordo co artigo 3 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral do sector público autonómico de Galicia, pola Administración xeral e polas entidades instrumentais e, tamén, será aplicable á cidadanía que ten o deber de utilizar os servizos públicos dixitais que se poñan a súa disposición de xeito adecuado, co respecto das normas de uso, xerais ou específicas, que se establezan para cada un dos servizos e, en particular, os cidadáns e as cidadás deberán utilizar



os sistemas de identificación e de sinatura electrónicas de que sexan lexítimos titulares, usar a información dispoñible conforme a política de privacidade publicada e respectar a normativa en materia de protección de datos de carácter persoal (artigos 2 a) e b) e 7 apartados 1 e 2 respectivamente da citada lei).

DÉCIMO PRIMEIRA.- Xurisdición

En todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a súa normativa de desenvolvemento. Aplicarase con carácter supletorio a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Será de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Este convenio ten natureza administrativa. A xurisdición contencioso-administrativa será a competente para o coñecemento de posibles cuestións litixiosas que poidan suscitarse como consecuencia del.

DÉCIMO SEGUNDA.- Notificación electrónica

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse electronicamente coa Administración e, os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notific@, <https://notifica.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, o interesado deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa



física ou xurídica). Así mesmo, o interesado pode autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

DÉCIMO TERCEIRA.- Vixencia

O período de vixencia deste convenio será dende a súa sinatura e ata o 31 de decembro de 2025, sen prexuízo de que se subvencionen as actividades realizadas dende o 1 de xaneiro de 2025.

Ao estaren as dúas partes conformes co pactado, asinan telematicamente este convenio.

O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude	O presidente da Asociación Cultural Évame Oroza
--	---

José Carlos López Campos

Javier Romero González

